

ORDENANZA Nº 25

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA “GALERÍA DE SERVIZOS DE NAVIA”

ACORDO DE IMPOSICIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN GALERÍAS MUNICIPAIS:

En uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de réxime local, e de conformidade no disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas locais, o Concello de Vigo establece a taxa pola prestación dos servizos de mantemento das Galerías Municipais.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA “GALERÍA DE SERVIZOS DE NAVIA”.

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitúe o feito imponible da presente taxa a prestación de servizos ou a realización de actividades consistentes na vixilancia, mantemento e reparación das Galerías de Servizos Municipais, que afecten ou beneficien aos usuarios das citadas Galerías por teren instalados nelas tuberías, cables, fíos condutores ou calquera outro elemento.

2.- A presente taxa de prestación de servizos é compatible coa existencia das taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local calquera que fose ou réxime de cuantificación segundo o previsto no artigo 24 do RDL 2/2004 e Ordenanzas Fiscais números 30 e 35 do Concello de Vigo.

ARTIGO 2.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos da presente taxa os usuarios das Galerías, que fosen titulares de tuberías, cables, fíos condutores ou calquera outro elemento que se instale nas Galerías de Servizos obxecto de mantemento Municipal.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Agás o previsto en normas con rango de lei ou tratados internacionais, non se admitirán exencións nin bonificacións nestas taxas.

ARTIGO 4.- COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria total será o importe do custe do servizo -minorado entre un 10%-20%- por razóns de interese xeral.

A cota tributaria individual será o resultado de repartir a cota tributaria total entre os diferentes usuarios do servizo e determinarase conforme as seguintes regras:

- 1) Establecese como unidade mínima de ocupación una sección de 60 cm² de superficie tanto para bandexas de cables (10 cm de ancho por 6 cm de alto), como para tuberías e conducións eléctricas e outras.
- 2) No caso de que a ocupación se realice en bandexas de 20 cm de ancho, unha ocupación que supere os 10 cm de ancho tributará como dúas unidades mínimas.
- 3) O suxeito pasivo abonará, por cada metro lineal ou fracción e semestre ou fracción, de ocupación mínima de ata 60 cm²....1,05 €
- 4) No caso de tuberías e conducións eléctricas que non ocupen bandexa e teñan unha sección de superficie superior a 60 cm², establececese a seguinte cota adicional:
 - Por cada metro lineal ou fracción e semestre ou fracción e por cada 10 cm² de exceso sobre os 60 cm² considerados como ocupación mínima.....0,05 €

ARTIGO 5.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

A taxa devengarase o primeiro día de cada semestre natural e o período impositivo comprenderá dito semestre coas seguintes matizacións:

- a) No suposto de inicio do servizo con posterioridade ao primeiro día de cada semestre, o período impositivo comprenderá o semestre natural completo no que se produza aquel inicio, calquera que fose o tempo de utilización dentro de dito semestre.
- b) No suposto de cese do servizo con anterioridade ao último día de cada semestre, o período impositivo comprenderá o semestre natural completo dentro do que se produza o cese

ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO.

1.- Os usuarios das Galerías, suxeitos pasivos desta taxa practicarán autoliquidación e ingreso da mesma por períodos semestrais, no primeiro mes de cada semestre ou no mes seguinte no caso de inicio de utilización da Galería.

2.- Os Servizos Enerxéticos da Ccellería de Fomento comunicarán aos Servizos Tributarios do Concello o número de unidades de ocupación de cada titular coas especificacións necesarias para verificación e comprobación das autoliquidacións practicadas.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2014 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓN B.O.P.:

23 DE DECEMBRO DE 2013

